



A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 10 de abril de 2012 adoptou o seguinte acordo:

5. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE "REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO, DE EXECUCIÓN E ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A CREACIÓN DO PARQUE DA PRAZA DE ESPAÑA" (EXPT E PN 12/05) Á EMPRESA "BORNUGUEIRAS SLP" E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado da Área de Medio Ambiente, Urbanismo, Servicios e Seguridade, que textualmente di: "O día 20/02/2012 a Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol aprobou o expediente de contratación administrativa correspondente ao servizo de "Redacción do proxecto básico, de execución e estudo básico de seguridade e saúde para a creación do parque da Praza de España" (Expte. PN 12/05); o prego de cláusulas administrativas particulares, a convocatoria da licitación mediante procedemento negociado sen publicidade cun único criterio de valoración, e a aprobación do gasto por importe de 56.640,00 € (18% de IVE incluído).= O día 22/02/2012 publicouse anuncio da licitación no perfil de contratante e remitíronse invitacións a presentar oferta a: MIGUEL ÁNGEL IGLESIAS HIDALGO, MANUEL VIEITEZ RODRÍGUEZ e BORNUGUEIRAS, S.L.P. Segundo consta no certificado emitido polo Rexistro Xeral, dentro do prazo establecido presentaron oferta a esta licitación as tres empresas invitadas. Consta no dito certificado que o licitador Miguel Ángel Iglesias Hidalgo presentou o sobre A) e o sobre B) en días distintos, aínda que consta que ambos sobres foron rexistrados de entrada dentro do prazo establecido para a presentación de proposicións.= A Mesa de Contratación, nas súas sesións de data 16/03/2012 e 23/03/2012, procedeu á revisión da documentación administrativa presentada polas empresas nos sobres A) "Documentación", e, no seu caso, a presentada no prazo de subsanación concedido, adoptando os seguintes acordos:=-Declarou inicialmente admitida a esta contratación a oferta presentada por BORNUGUEIRAS, S.L.P.= -Declarou excluídas as ofertas presentadas polos licitadores:=- MIGUEL ÁNGEL IGLESIAS HIDALGO, por presentar a oferta económica dentro do Sobre A) "Documentación", en lugar de presentala dentro do Sobre B) "Referencias técnicas dos criterios avaliables mediante cifras ou porcentaxes-Oferta económica", tal e como esixe o prego que rexe esta contratación.= MANUEL VIEITEZ RODRÍGUEZ; por non subsanar dentro do prazo concedido os defectos da documentación presentada no Sobre A), referidos á acreditación da solvencia económica e financeira e a solvencia técnica de acordo co esixido na cláusula 11, apartado F) do prego de cláusulas que rexe esta contratación.= Na sesión do 23/03/2012 da Mesa de Contratación procedeuse, en acto público, á apertura do sobre B) "Referencias técnicas dos criterios avaliables mediante cifras ou porcentaxes-Oferta económica" da empresa inicialmente admitida, BORNUGUEIRAS, S.L.P., que ofertou a execución do contrato por un importe de : 47.153,00 euros (sen IVE).= Tendo en conta que é a única oferta



ALCALDIA



SECRETARÍA




admitida, que cumpre o prego de condicións, e que dita oferta non incorre en baixa temeraria, a Mesa de Contratación co voto favorable de todos os asistentes, acordou:= Proponerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa BORNUGUEIRAS, S.L.P. Proposta condicionada a que presente toda a documentación que se lle requirirá de acordo co establecido nas cláusulas 21 e 23 do prego de cláusulas que rexe esta contratación, e procedéndose, en caso contrario, tal como se establece na citada cláusula 21.= Efectuado o requirimento para a presentación de documentación á empresa "BORNUGUEIRAS, S.L.P.", esta presentou en prazo toda a documentación.= Polo exposto, o concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos e Seguridade proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:= **-Primeiro:** EXCLUIR as ofertas presentadas polos licitadores MIGUEL ÁNGEL IGLESIAS HIDALGO e MANUEL VIEITEZ RODRÍGUEZ, polas razóns indicadas na parte expositiva.= **-Segundo:** ADXUDICAR, polas razóns recollidas na parte expositiva, o contrato correspondente ao servizo de "Redacción do proxecto básico, de execución e estudo básico de seguridade e saúde para a creación do parque da Praza de España" (Expte. PN 12/05) á empresa ""BORNUGUEIRAS, S.L.P." (NIF B-15809171), por un importe de 47.153,00.-€ (importe sen IVE); 8.487,54.-€ (18% de IVE), o que supón un importe total de **55.640,54.-euros** (18% de IVE incluído), todo isto con suxeición ós pregos de cláusulas que rexen o presente contrato e consonte a súa oferta.= **-Terceiro:** FORMALIZAR o contrato no prazo máximo de QUINCE DÍAS HÁBILES seguintes a aquel en que reciban a notificación da adxudicación os licitadores e candidatos, de conformidade coa cláusula 22 do prego.= **-Cuarto:** DESIGNAR ao arquitecto municipal, don Felipe Martínez Cotovad, como o funcionario que realizará as funcións de responsable do contrato correspondente á "Redacción do proxecto básico, de execución e estudo básico de seguridade e saúde para a creación do parque da Praza de España" (Expte. PN 12/05) adxudicado á empresa BORNUGUEIRAS, S.L.P".

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos sres/as asistentes, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.

Pazo Municipal, 10 de abril de 2012.-

Cumprese.-
O ALCALDE.-



Pase á U. Administrativa correspondente.-

O SECRETARIO XERAL.-

